



ACCIÓNES DE PLANIFICACIÓN URBANA

-  **C1** Catálogo de solucións de deseño urbano
-  **C2** Plan estratéxico de infraestruturas ecolóxicas: Plan Especial Biodinámico
-  **C3** Planificación detallada de zonas de confort climático residencial (ZCCR)

ACCIÓNES DEMOSTRATIVAS

-  **C4** Frondosas
-  **C5** Cultivos enerxéticos
-  **C6** Souto de variedades tradicionais
-  **C7** Restauración de humidal - ENIL (Espazo Natural de Interese Local)
-  **C8** Arboretum
-  **C9** Agricultura urbana
-  **C11** Edificio Impulso Verde

Máis información:

Manual de silvicultura de frondosas caducifolias
www.agrobyte.com/publicaciones/

Impulsado por:



Concello de Lugo

Financiado por:



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Co-financiado pola UE a través do Programa LIFE

Socios:



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible

Silvicultura de frondosas autóctonas no medio urbano



lugobiodinamico.eu

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecolóxico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostíbeis, exportable a outras cidades europeas.

Ademais, crearanse espazos divulgativos para a comunidade científica e a sociedade en xeral con plantacións de especies arbóreas e arbustos autóctonos que sexan demostrativos do seu potencial para o desenvolvemento do urbanismo sostíbeis.



Establecemento dunha parcela demostrativa de especies de frondosas caducifolias autóctonas galegas de crecemento medio a rápido para a produción de madeira de calidade.



No polígono industrial das Gándaras (Lugo) establécese no outono do ano 2017 unha experiencia demostrativa das posibilidades da silvicultura de catro especies de frondosas caducifolias autóctonas galegas, con potencial produtor: **Carballo, Cerdeira, Freixo e Pradairo**.



Carballo

Roble común
Quercus robur L.
English oak

Especie de crecemento lento nos primeiros anos e algo máis rápido e sostido posteriormente. Soporta baixas temperaturas no inverno e as xeadas tardías chegando ata os 1500-1700 m de altitude.

Pode acadar os 30-35 m de altura sendo árbores lonxevas que poden chegar a vivir 500-600 anos ou incluso superar os 1000 anos.

A súa madeira é unha das que máis utilidades pode chegar a ter, entre outras, é empregada para a fabricación de solos, mobles (exteriores e interiores), portas, ventás, barcos e barricas de viño e whisky. Tamén proporciona leña e carbón vexetal de moi boa calidade.



Cerdeira

Cerezo
Prunus avium L.
Sweet cherry

Árbore de crecemento medio que pode alcanzar os 25-30 m de altura. Soporta fríos invernales intensos, pero é sensible ás xeadas tardías, o que limita a altitude máxima á que pode chegar (1100-1200 m).

O seu interese forestal radica no seu valor paisaxístico, derivado sobre todo da súa floración, que se produce antes de que as follas agromen, da cor das súas follas no outono e pola posibilidade de producir madeira de excelente calidade.

A súa madeira é excepcional, de fácil aserrado e con un excelente acabado roxizo. Non resiste á intemperie, nin aos cambios de humidade. Considerada como moi valiosa, decorativa e prezada en ebanistería de luxo, construcións interiores, tornaría e marquetaría.



Freixo

Fresno
Fraxinus excelsior L.
Common ash

Árbore de crecemento rápido que pode alcanzar os 30-35 m de altura e os 150-200 anos de vida.

Require veráns húmidos, precisando de achega de auga abundante e continuada

no tempo. Non soporta períodos de solo seco. Especie non especialmente sensible ao frío pero si ás xeadas tardías. Aparece dende o nivel do mar ata os 1000 m de altitude.

A súa madeira é de excelente calidade, flexible e utilizada na fabricación de mangos para as ferramentas, solos, mobles, embarcacións ou en tornaría.

Pradairo

Arce
Acer pseudoplatanus L.
Maple

Especie de crecemento rápido nos primeiros anos, decrecendo na madurez.

Pode alcanzar os 25-30 m de altura e vivir ata os 150-200 anos. Resistente ao frío e ás xeadas, chegando ata os 1300 m de altitude en Galicia.

A súa madeira é branca, fácil de traballar, lixeira, dura e de boa resistencia mecánica. Pode considerarse como de alta calidade. Utilizada en carpintería en xeral e prezada en ebanistería e tornaría.

